



Whatsapp municipal do Concello de Guitiriz

Procedemento para darse de alta e baixa

Para xestionar a alta no Whatsapp municipal do Concello de Guitiriz os interesados ou interesadas deben:

1. Gardar como contacto no seu móbil o número 604 078 530.
2. Enviar un Whatsapp co texto 'ALTA'.
3. Logo, recibirase unha mensaxe confirmando a alta no servizo. Desde ese momento recibirá información sobre novas, axenda cultural e deportiva, actividades e outras propostas municipais, así como posibles incidencias.

Para darse de baixa deberá enviarse unha mensaxe ao Whatsapp Municipal do Concello de Guitiriz co texto "BAIXA" e deixará de recibirse a información.

Método de difusión

Os usuarios e usuarias do servizo non poderán ver os datos e información do resto de persoas xa que as novas se envían a través dunha lista de difusión.

O Concello de Guitiriz é o administrador do servizo, co que será o propietario do mesmo e desde onde se remitirán as mensaxes.

Normas de uso

É unha canle de comunicación unidireccional polo que as persoas que se dean de alta no servizo non poderán enviar mensaxes de resposta nin realizar consultas.

Para eses casos deben dirixirse ao Concello de Guitiriz por correo electrónico a info@concellodeguitiriz.com ou chamando ao teléfono 982 370 109.

Ao darse de alta no servizo acéptanse as condicións e normas de uso expostas. O incumprimento das normas suporá a baixa automática por parte do administrador.